



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Agosto 2023


Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en agosto de 2023 unha caída do 5,8% con respecto a agosto de 2022; en España o descenso foi do 3,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 8,9%, os bens de equipo un 4% e os bens intermedios un 2%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 6,2%.
- Por ramas de actividade a achega positiva mais destacable corresponde á "industria do papel", que achega 0,9 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "confección de roupa de vestir", que resta 2,1 puntos e "producción de enerxía eléctrica" e "fabricación de produtos metálicos" que restan 1,4 e 1,3 puntos respectivamente a taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2023



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en agosto de 2023 unha caída do 5,8% con respecto a agosto de 2022; en España o descenso foi do 3,6%.

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 8,9%, os bens de equipo un 4% e os bens intermedios un 2%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 6,2%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un descenso do 8,9%, e restan 3,3 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** diminúen o 4% e restan 0,8 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** rexistran unha taxa do -2%, cunha repercusión de -0,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 6,2%, restando 1,2 puntos á taxa de variación interanual do total.

Comparando cos crecementos interanuais de xullo de 2023, por destino económico, os bens de consumo melloran 2,5 puntos, os bens de equipo e os bens intermedios empeoran 13,2 puntos e 8,4 puntos respectivamente e a enerxía mellora 8,2 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o descenso interanual en agosto do 5,8% débese principalmente ás achegas negativas (-8,4 puntos) de dezaioito ramas. As principais foron: "confección de roupa de vestir", que resta 2,1 puntos, "produción de enerxía eléctrica" que retrae 1,4 puntos e "fabricación de produtos metálicos" que resta 1,3 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas (2,7 puntos) de oito ramas, as principais foron a "industria do papel", que suma 0,9 puntos e "outras industrias extractivas", que achega 0,6 puntos a taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de agosto moveuse entre o 4,5% de Canarias e o -15,9% de Navarra. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Madrid (1%), Cataluña (-0,1%), Castilla-La Mancha (-1,4%), Aragón (-2%) e Extremadura (-2,9%).

IPI Agosto 2023


Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Canarias (5,9%), Madrid (4,3%) e Castilla y León (3,3%). As comunidades con maiores descenso son Murcia (-10,1%) e Asturias (-6,1%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Agosto 2023

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | REPERCUSIÓNS (%) | |
|------------------|--------|----------------|-------------------|------------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | | | |
| Xeral | 84,2 | -5,8 | 2,6 | -- | -- |
| Bens de consumo | 130,2 | -8,9 | -3,1 | -3,3 | -1,0 |
| Bens de equipo | 68,7 | -4,0 | 13,0 | -0,8 | 3,1 |
| Bens intermedios | 82,1 | -2,0 | -3,7 | -0,5 | -1,0 |
| Energía | 61,4 | -6,2 | 8,4 | -1,2 | 1,5 |
| España | | | | | |
| Xeral | 84,9 | -3,6 | -0,6 | -- | -- |
| Bens de consumo | 92,2 | -1,0 | 0,6 | -0,3 | 0,2 |
| Bens de equipo | 71,1 | -2,4 | 5,7 | -0,4 | 1,2 |
| Bens intermedios | 77,4 | -4,6 | -3,2 | -1,3 | -1,0 |
| Energía | 100,5 | -6,2 | -4,6 | -1,7 | -1,0 |

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Agosto 2023

| Ramas | VARIACIÓNS (%) | | | | Ponderacións |
|---|----------------|-------------|-------------------|-------------|--------------|
| | Interanual | Repercusión | No que vai de ano | Repercusión | |
| Total | -5,8 | | 2,6 | | |
| Industria do papel | 78,8 | 0,9 | -4,8 | -0,1 | 2,2 |
| Outras industrias extractivas | 28,5 | 0,6 | 51,4 | 0,8 | 1,1 |
| Fabricación doutro material de transporte | 33,5 | 0,3 | 16,4 | 0,2 | 2,0 |
| Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | 2,1 | 0,2 | 28,1 | 3,3 | 13,1 |
| Industria téxtil | 46,5 | 0,2 | 4,7 | 0,0 | 0,6 |
| Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría | 1,1 | 0,0 | -17,1 | -1,0 | 3,6 |
| Outras industrias manufactureiras | -3,6 | 0,0 | -16,9 | -0,1 | 0,5 |
| Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | -4,3 | -0,1 | 5,8 | 0,2 | 4,1 |
| Fabricación de mobles | -9,5 | -0,2 | -6,1 | -0,1 | 1,1 |
| Fabricación de material e equipamento eléctrico | -16,7 | -0,2 | 15,1 | 0,2 | 1,4 |
| Fabricación de bebidas | -4,1 | -0,3 | 4,8 | 0,2 | 3,5 |
| Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | -13,5 | -0,3 | -1,9 | -0,1 | 2,0 |
| Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | -10,7 | -0,3 | -3,4 | -0,1 | 2,6 |
| Fabricación de produtos de caucho e plásticos | -15,4 | -0,4 | 8,9 | 0,2 | 2,5 |
| Industria da alimentación | -2,6 | -0,5 | -4,6 | -0,7 | 13,2 |
| Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes | -23,1 | -0,7 | -27,0 | -1,1 | 5,1 |
| Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento | -16,5 | -1,3 | -5,8 | -0,5 | 7,7 |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | -10,5 | -1,4 | 13,1 | 1,7 | 22,3 |
| Confección de roupa de vestir | -20,6 | -2,1 | 0,2 | 0,0 | 4,1 |
| Industria do coiro e do calzado | * | * | * | * | * |
| Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | * | * | * | * | * |
| Coquerías e refinación de petróleo | * | * | * | * | * |
| Industria química | * | * | * | * | * |
| Fabricación de produtos farmacéuticos | * | * | * | * | * |
| Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | * | * | * | * | * |
| Captación, depuración e distribución de auga | * | * | * | * | * |

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Agosto 2023

| CCAA | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|----------------------|-------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| España | 84,9 | -3,6 | -0,6 |
| Galicia | 84,2 | -5,8 | 2,6 |
| Andalucía | 89,3 | -5,1 | -3,4 |
| Aragón | 81,7 | -2,0 | 0,8 |
| Asturias | 83,8 | -13,6 | -6,1 |
| Baleares (Illes) | 96,8 | -9,1 | -1,6 |
| Canarias | 94,0 | 4,5 | 5,9 |
| Cantabria | 87,0 | -7,6 | -4,3 |
| Castilla - La Mancha | 93,1 | -1,4 | 2,1 |
| Castilla y León | 71,6 | -3,6 | 3,3 |
| Cataluña | 80,3 | -0,1 | -0,2 |
| Comunitat Valenciana | 85,1 | -3,8 | -2,4 |
| Extremadura | 136,0 | -2,9 | -0,3 |
| Madrid | 98,1 | 1,0 | 4,3 |
| Murcia | 105,4 | -11,1 | -10,1 |
| Navarra | 84,7 | -15,9 | -3,2 |
| País Vasco | 69,1 | -5,1 | -2,7 |
| Rioja (La) | 56,8 | -10,9 | -4,5 |

Fonte: INE